

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORTIGUEIRA

Desenvolvemento Local

Bases que han de rexer o proceso selectivo para constituír unha bolsa de persoal susceptible de ser nomeado na escala da administración especial, subescala facultativo de grao medio, subgrupo A2, nivel 20 denominada docente atención socio sanitaria

Expt: 980/2025

Asunto: Bases que han de rexer o proceso selectivo para constituír unha bolsa de persoal susceptible de ser nomeado na escala da Administración Especial, subescala facultativo de grao medio, subgrupo A2, nivel 20 denominada Docente atención socio sanitaria- especialidade sanitaria.

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía número 2025-0470 de data 22.05.2025, aproba as bases reguladoras e a convocatoria para constituír unha bolsa de persoal susceptible de ser nomeado na escala da Administración Especial, subescala facultativo de grao medio, subgrupo A2, nivel 20 denominada Docente atención socio sanitaria- especialidade sanitaria.

Na parte dispositiva dí:

Primeiro.- Avocar a competencia -previamente delegada na Xunta de Goberno Local no referente á aprobación das bases reguladoras do proceso selectivo, para a constitución dunha bolsa de persoal susceptible de ser nomeado na escala da Administración Especial, subescala facultativo de grao medio, subgrupo A2, nivel 20 denominada Docente atención socio sanitaria- especialidade sanitaria.

Segundo.- Aprobar as bases reguladoras do proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de persoal susceptible de ser nomeado na escala da Administración Especial, subescala facultativo de grao medio, subgrupo A2, nivel 20 denominada Docente atención socio sanitaria- especialidade sanitaria.

Terceiro.- Convocar o proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de persoal susceptible de ser nomeado na escala da Administración Especial, subescala facultativo de grao medio, subgrupo A2, nivel 20 denominada Docente atención socio sanitaria- especialidade sanitaria.

Cuarto.- Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Ortigueira.

Quinto.- Publíquese o preceptivo de anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de novas, sendo a data de publicación no Boletín Oficial da Provincia a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

O que se fai público para xeral coñecemento, e aos efectos oportunos

En Ortigueira a, 27 de maio de 2025

O Alcalde – Presidente

Asdo.: José Valentín Calvín Fondevila

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA O NOMEAMENTO DOCENTE PARA A EXECUCIÓN DE OBRADOIRO DUAIS DE EMPREGO OU PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO OU SIMILAR – Especialidade na rama sanitaria.

Primeira.- Obxecto da convocatoria, normas xerais e postos convocados

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección para a creación dunha bolsa de emprego integrada por persoal susceptible de ser nomeado persoal funcionario/a interino/a ou contratado persoal laboral temporal para a execución de programas específicos dentro das distintas categorías que se establece para o persoal directivo, docente e de apoio na execución dos obradoiros duais de emprego ou programa de formación para o emprego similar.

A bolsa de traballo atinxirá aos seguintes postos de traballo:

1. Docente da especialidade de atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208), especialidade na rama sanitaria.

As tarefas a desenvolver para o posto de traballo son as especificadas concretamente na base sexta.

Esta bolsa empregárase para calquera suposto dos recollidos no artigo 10.1.c) do EBEP, así como para realizar contratacións laborais nos supostos legalmente procedentes. Exceptúanse aqueles supostos nos que deban efectuarse nomeamentos interinos/contratacións laborais temporais ao abeiro dunha subvención de carácter finalista recibida de outra Administración ou Organismo Público, e a normativa reguladora desta resulte incompatible co réxime de chamamentos previsto nestas bases.

Características da praza:

Escala	Administración especial
Corpo	Facultativo de grao medio
Subescala	A2
Nivel	20
Denominación	Docente atención socio sanitaria- Especialidade sanitaria
Xornada	50%

Segunda. Lexislación aplicable

O proceso derivado da presente bolsa de emprego regularase polo previsto nas presentes bases e, no non previsto nelas será aplicable a presente normativa e demais disposicións de pertinente aplicación:

1. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
2. Real decreto legislativo 5/2015, de 03 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
4. Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado (RXIAE).
5. Real Decreto Legislativo 781/1986, de 8 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
6. Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local (RDRBPM).
7. Real Decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET).
8. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (LIEMHG).
9. Orde APU/1461/2002, de 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal interino.
10. Convenio Colectivo do Concello de Ortigueira (BOP N.º 76 de 26 de abril de 2010) e as súas posteriores modificacións.
11. Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Ortigueira (BOP N.º 103 de 1 de xuño de 2011).

Terceira.- Publicidade do proceso:

As presentes bases e convocatoria do proceso selectivo expóñense ao público no Boletín Oficial do Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios do Concello de Ortigueira e na súa sede electrónica <https://ortigueira.sedelectronica.es/> así como nos taboleiros e sedes electrónicas dos concellos de Cariño e Mañón e Cerdido. Ademais, permanecerán publicadas no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de As Pontes de García Rodríguez.

Todas as fases do proceso daranse a coñecer na sede electrónica do Concello de Ortigueira.

Rematado o proceso de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas.

Cuarto.- Funcionamento das bolsas de traballos.**A).- Situación.**

As persoas que figuren na bolsa de emprego constituída poderanse atopar nalgunha das seguintes situacións.

- a) Disponíbles: Situación desde a que se é susceptible de recibir o chamamento ou oferta para a súa contratación/nomeamento.
- b) Ocupadas: Situación que indica que se atopa traballando tanto no sector público como privado, en calquera das formas admitidas en dereito, laboral ou funcionario interino e sen ocupar praza no cadro de persoal.
- c) Suspendidas: Situación producida por algunha das causas establecidas na presentes bases, a resultas da cal se impide formular á persoa afectada ofertas de traballo. Durante a situación de suspensión a persoa afectada non recibirá ofertas de traballo. Finalizada a suspensión a persoa afectada volvera a ocupar o lugar orixinario na lista.
- d) Excluídas: Situación que comportará a exclusión da bolsa de traballo, unha vez producida algunha das causas establecidas as presentes bases, previa resolución.
- e) Nomeadas/contratadas. Situación na que a persoa integrante da lista atópase prestando servizos efectivos no Concello de Ortigueira ao abeiro desta lista de agarda.

B).- Chamamento dos aspirantes.

B.1.- As persoas incluídas na bolsa de traballo virán obrigadas a presentar datos persoais suficientes que permitan a súa pronta localización, sendo responsables de que estean actualizados en todo momento.

B.2.- Previa xustificación de que concorren necesidades inaprazables e de urxencia para proceder ao correspondente nomeamento/contratación, en calquera dos supostos aos que se refiren estas bases, procederase por estrito orde de puntuación, ao chamamento de candidatos da bolsa por escrito e polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción.

B.3.-O aspirante chamado disporá, como regra xeral, de 3 días hábiles dende a recepción para aceptar ou rexeitar a oferta de nomeamento/contratación laboral temporal. Transcorrido dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada. No caso de rexeitar a oferta, o candidato poderá acreditar motivos xustificadas que imposibiliten a aceptación. Consideraranse motivos xustificadas:

- a) Maternidade, paternidade, acollemento ou adopción legal, durante o período de duración do correspondente permiso ou período equivalente no caso de desempregados/as, que se atopen en situacións asimilares.
- b) Estar en situación de incapacidade temporal ou enfermidade da persoa aspirantes acreditado co correspondente parte médico de baixa, ou certificado médico expedido pola Seguridade Social.
- c) Estar en situación de servizo activo noutra Administración pública, acreditado mediante a oportuna certificación de servizos, que inclúa a data de comezo destes.
- d) Estar en algunha das situacións de servizos especiais incluídas no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- e) Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- f) Coidado directo de menores de 0 a 3 anos, e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valer por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.
- g) Incoación de dilixencias xudiciais en casos de ser vítima de violencia de xénero.
- h) Outras causas análogas ás anteriores debidamente xustificadas

B.4.- No caso de que se requira a incorporación do persoal de maneira urxente, é dicir, con anterioridade ao transcurso dos tres días hábiles ás que se refire o apartado anterior, o chamamento realizarse de forma telefónica. Realizaranse dous intentos en horas distintas como mínimo. De non ser localizado o primeiro candidato dispoñible da lista procederase a chamar aos seguintes candidatos. Neste suposto, o persoal municipal que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e si se obtivo ou non resposta, así coma o sentido desta. Nestes casos, a falta de contestación telefónica dun candidato da lista para a súa incorporación non será considerada como renuncia, conservando a súa posición na bolsa para futuros chamamentos.

B.5.- A realización dos chamamentos nas formas indicadas, requirirá que as persoas aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación nos procesos, ou en comunicación posterior presentada no rexistro municipal, os datos correctos e actualizados necesarios (número de teléfono e dirección de correo electrónico).

B.6.- No caso de aceptación, a persoa aspirante, no prazo de tres días hábiles, deberá achegar a seguinte documentación:

- Declaración responsable na que manifieste:
 - Aceptación expresa do posto.
 - Que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo, así como de non estar separado anteriormente do servizo das administracións públicas e non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado médico oficial sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación incompatible coas funcións a desempeñar, sen prexuízo da posibilidade de posterior recoñecemento.
- Tarxeta sanitaria ou documento da Seguridade Social onde conste o corresponde número de afiliación
- Certificado de conta bancaria

B.7.- Os chamamentos realizados terán o carácter de proposta, non xerando dereitos de ningunha índole podendo quedar sen efectos no caso de que desaparezan as razóns de necesidade que as motivaron.

B.8.- En ningún caso, se adquirirá fixeza a través dos nomeamentos/contratacións laborais que se produzan por chamamentos regulados nestas bases.

C).- Renuncia a unha oferta de nomeamento/contratación.

1.- Con carácter xeral, a non aceptación en prazo ou renuncia ao nomeamento/contratación dará lugar as seguintes sancións:

- Primeira renuncia: O candidato pasará a ocupar o último lugar da lista
- Segunda renuncia: Suporá exclusión definitiva da lista

2.- A renuncia non dará lugar as sancións anteriores:

- Cando se acredite que concorre algún dos motivos xustificados segundo o previsto na apartado B.3 anterior, debendo quedar no expediente acreditada a causa do rexeitamento da oferta aportándose pola persoa interesada a correspondente documentación xustificativa no prazo de cinco días hábiles contados a partires do rexeitamento.
- A falta de contestación por parte da persoa interesada no suposto previsto no apartado B.4 desta base

3.- Durante o período de duración dalgunha das causas sinaladas como motivos xustificados para o rexeitamento do nomeamento, a persoa candidata quedará en situación de “suspensión” especificándose a data de inicio, e no seu caso, fin do período de suspensión. A persoa candidata en situación de suspensión conservará a súa orde de prelación na bolsa de emprego e estará obrigada a comunicar a finalización da causa que deu lugar a aquela. En tanto en canto non comunique a finalización entenderase a vixencia da suspensión polo que non se lle realizara chamamentos

D).- Causas de exclusión da bolsa.

A exclusión dun aspirante da bolsa producirase por algunha das seguintes causas:

- a) Solicitud expresa por escrito da persoa aspirante.
- b) A acumulación, por un mesmo integrante da bolsa de emprego, de dúas situacións de falta de resposta ós chamamentos e/ou rexeitamento inxustificado.
- c) Falta de toma de posesión no prazo establecido por causa non xustificada.
- d) Non reunir os requisitos esixidos para o nomeamento/contratación (ou terse producido simulación ou falsidade na acreditación dos mesmos).

- e) A concorrencia de calquera das causas previstas na lexislación vixente para a perda de condición de funcionario de carreira/persoal laboral. En todo caso a exclusión definitiva da bolsa de traballo deba ser acordada mediante resolución debidamente motivada polo órgano competente

E).- Nomeamento/contratación e toma de posesión/formalización do contrato.

O nomeamento/contratación de quen, conforme ao procedemento sinalado nas presentes bases, sexa designado para desempeñar un posto de traballo como funcionario interino/contratado laboral realizarase mediante resolución da Alcaldía, previa acreditación a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente así como da preceptiva fiscalización pola Intervención Municipal

O interesado deberá tomar posesión/formalizar o contrato de traballo no prazo máximo de cinco días a contar desde a notificación da resolución de nomeamento/contratación.

Quinta.-Vixencia da bolsa.

A bolsa de traballo resultante do proceso de selección regulado nestas bases estarán vixentes ata a posta en marcha dun novo proceso que as substitúa.

Sen prexuízo do anterior, entenderase que esta bolsa perde a súa vixencia transcorridos catro anos dende a data da súa constitución. No caso de que a seguinte listaxe que entre en vigor se esgotase, poderase volver a activar esta bolsa.

Sexta.- Funcións do posto de traballo

6.1.- Docentes da especialidade de atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208), especialidade na rama sanitaria.

Encargarase da formación específica dos alumnos/traballadores, e, en concreto:

1. Desenvolverán a súa actividade educativa, para o adecuado desenvolvemento dos programas formativos, dentro dun marco pedagóxico e didáctico que permita ás persoas alumnas traballadoras obter o maior beneficio, de acordo coas directrices do proxecto do Obradoiro de emprego.

2 Tomar as medidas necesarias para que se cumpra o estipulado na normativa vixente sobre Seguridade e Saúde no traballo.

3. Serán os responsables de impartir o ensino teórico-práctico correspondente á especialidade formativa que van impartir, e da aprendizaxe das persoas alumnas

4. Colaborarán co director na realización da programación (de conformidade co disposto no certificado de profesionalidade) e nas probas de avaliación periódicas, así como na planificación das tarefas produtivas, e serán os responsables do cumprimento dos obxectivos propostos.

5. Serán os responsables do control de asistencia e produtividade das persoas alumnas traballadoras do obradoiro, debendo facilitar de forma obrigatoria semanalmente os partes diarios de traballo de cada traballador participante, o control de asistencia correspondente ó mencionado período.

6. Elaborarán nas datas e forma que o director lles fixe, unha lista global das necesidades de materiais, equipamento, ferramentas, medios auxiliares, etc., necesarios para o normal desenvolvemento da actividade.

7. Colaborarán coa dirección nos labores de tutoría das persoas alumnas traballadoras, comunicando a esta as incidencias que ocorran no obradoiro.

8. Serán os responsables da custodia, mantemento e conservación dos materiais, equipamento e ferramentas propios do seu obradoiro, así como doutros de carácter xeral que lle sexan encargados pola dirección do obradoiro de emprego.

9. Serán os encargados de organizar os diferentes labores dos grupos de traballo, respondendo da execución das tarefas produtivas a realizar polo seu obradoiro.

10. Serán responsables directos nos aspectos prácticos - produtivos das persoas alumnas traballadoras que estean o seu cargo, en especial no relativo á Seguridade e Saúde no traballo.

Sétima.- Requisitos que deben cumprir os aspirantes para participar no proceso selectivo.

7.1 Requisitos xerais para o posto.

a) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas e non padecer problemas de saúde que sexan incompatibles co normal desenvolvemento das mesmas

b) Estar en condicións de incorporarse ao posto na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

c) Non haber sido separado/a do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas mediante expediente disciplinario, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou

especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

d) No seu caso, estar en posesión da titulación específica.

e) Ter a nacionalidade española ou atoparse nalgunha das situacións descritas nos apartados 1, 2 e 3 do artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

f) Compatibilidade: Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

d) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no momento do nomeamento.

7.2.- Requisitos xerais para o posto de docente.

Os candidatos e as candidatas a docentes, para seren validados, deben cumprir o disposto no artigo 168 do Real decreto 659/2023, tanto se a súa proposta procede dun proceso de selección como se se trata da continuidade de persoal contratado anteriormente. Este cumprimento implica que os docentes deben reunir **UN** dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión de Título de grado universitario, licenciado ou licenciada, Enxeñeiro ou Enxeñeira e Arquitecto ou Arquitecta, ou titulación equivalente ou no seu caso, a titulación de Formación Profesional que, a efectos de docencia, se determine, de acordo coa normativa que regule cada certificado de profesional. En todos os casos, esixírase que as titulacións citadas incorporen nos seus plans de estudo contidos vinculados cos resultados de aprendizaxe da formación a impartir. Ademais, deben dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.
- Pertencer ás especialidades docentes habilitadas para impartir formación profesional no sistema educativo.
- Ter experiencia profesional de, ao menos, catro anos axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir e dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.

Non será esixible como requisito imprescindible senón como mérito a experiencia profesional aos formadores para impartir docencia nos certificados de profesionalidade regulados con anterioridade á entrada en vigor do RD 659/2023, cando contén coa acreditación ou titulación requirida que figura en cada un dos reais decretos polos que se establece cada Certificado de profesionalidade.

7.3.- Requisitos particulares do/a docente da especialidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208), especialidade na rama sanitaria.

1) Titulación (unha das seguintes):

- a) Titulación universitaria de grao ou licenciatura en Medicina e Cirurxía.
- b) Titulación universitaria de grao ou diplomara en Enfermería.
- c) Técnico de grado medio de Formación Profesional coa especialidade en coidados auxiliares en Enfermaría, acreditando 4 anos traballados no desempeño do posto de traballo.
- d) Certificado de profesionalidade na especialidade de atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208), acreditando 4 anos traballados no desempeño do posto de traballo.

2) Nivel de coñecemento da lingua galega: CELGA IV ou equivalente. En caso de non posuír este título, deberán realizar unha proba de galego.

3) Experiencia docente (un dos seguintes):

- a) Acreditación do Certificado Profesional en Habilitación para a Docencia en Grado C do Sistema de FP (Código: SSCE0110).
- b) Experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.
- c) Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica ou o Certificado de Cualificación Pedagóxica.

Oitava.- Proceso selectivo

A selección do persoal a contratar levarase a cabo na forma prevista no artigo 12 da orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da comunidade autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024, na modalidade de convocatoria pública polo procedemento de concurso de méritos.

8.1. Prazo e forma de presentación de solicitudes.

No prazo de **CINCO días hábiles dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia** deste proceso selectivo, as persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Ortigueira (<https://ortigueira.sedelectronica.es/>) ou nas Oficinas de asistencia en materia de Rexistros dos Concellos de Ortigueira, Cariño, Cerdido ou Mañón, así como en calquera dos recollidos no artigo 16.4 da LPAC.

A presentación de solicitudes comportará a aceptación pola persoa interesada das presentes bases e a declaración de que, polo tanto reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas mesmas, referidos sempre á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes formularanse en instancia normalizada conforme ao modelo establecido no Anexo previsto nestas bases. De presentarse na sede electrónica, a solicitude cumprimentaranse no formulario habilitado a tal efecto. Tanto nun como noutro caso virán acompañadas da seguinte documentación:

- DNI ou documento identificador equivalente.
- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos sinalados na base sétima (copia simple).
- No seu caso, documentación acreditativa dos méritos (orixinal ou copia simple).
- No seu caso, documentación acreditativa do coñecemento de lingua galega segundo a base sétima. En caso de non achegalo deberán realizar un exame de galego.

Se, en calquera momento do proceso selectivo, constátase que o/a aspirante non reúne os requisitos esixidos para concorrer ao procedemento selectivo o órgano competente procederá a excluílo.

8.2. Admisión e exclusión de aspirantes.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución aprobando as listas provisionais de admitidos e excluídos. Estas listas expóranse ao público na sede electrónica municipal do Concello de Ortigueira.

Dentro dos DOUS días hábiles seguintes a dita publicación as persoas interesadas poderán efectuar reclamacións que estimen pertinentes así como solicitar a rectificación de erros materiais.

Transcorrido dito prazo, a Alcaldía ditará resolución aprobando as listas definitivas de admitidos e excluídos resolvendo, no seu caso, as reclamacións formuladas. As listas definitivas publicaranse na sede electrónica municipal do Concello de Ortigueira.

Novena.- Comisión de selección.

A avaliación das probas ou méritos previstos nestas bases para a selección dos aspirantes corresponderalle a unha comisión de selección cuxos membros serán empregados públicos dos Concellos de Ortigueira, Cariño, Cerdido e Mañón designados pola Alcaldía na resolución de convocatoria deste proceso selectivo.

Estará integrada por cinco membros, un dos cales actuará como presidente e outro como vogal-secretario, e os seus respectivos suplentes.

As persoas suplentes nomeadas para compoñer este órgano poderán actuar indistintamente en relación ao respectivo titular, excepto unha vez iniciada unha sesión na que non se poderá actuar simultaneamente.

Para o funcionamento deste órgano será precisa a asistencia de todos os seus membros, xa sexan titulares ou suplentes. Todos os membros disporán de voz e voto. Os acordos adoptaranse por maioría simple.

As persoas membros da comisión deberán absterse de intervir, notificándoo á Alcaldía, cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, ou houbesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas durante os cinco anos inmediatamente anteriores á publicación da convocatoria. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros deste órgano cando concorran ditas circunstancias a tenor do establecido no artigo 24 da mesma Lei.

A comisión de selección está facultada para resolver todas as cuestións derivadas da aplicación destas bases e a adoptar todas aquelas determinacións que estime pertinentes para o correcto desenrolo do procedemento selectivo.

A comisión poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas asesoras especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Décima.- Sistema de selección

As actividades selectivas terán por finalidade determina-la adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán na avaliación dos méritos achegados por estas nos seguintes termos

EXAME DE GALEGO (Obrigatorio e eliminatorio)

As persoas que non acrediten o coñecemento do idioma galego mediante o certificado IV segundo o indicado nos requisitos, deberán realizar unha proba de galego. Será cualificado como apto ou non apto.

Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán ao galego, e outro do galego ao castelán, propostos polo Tribunal. Este exercicio valorarase como aspirante apto ou non apto, correspondendo ao órgano de selección determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar dito resultado.

BAREMO DE MÉRITOS

A puntuación máxima que pode acadarse será de 10 puntos. A acreditación dos méritos levarase a cabo do seguinte xeito:

- **Titulación académica:** os/as aspirantes deberán presentar o **título académico correspondente** onde quede acreditado que obtivo a titulación

- Experiencia profesional:

- a) **Conta allea:** Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado: non se terán en conta as experiencias que non figuren na vida laboral.
- b) **Administración Pública:** será necesario presentar informe de vida laboral, que se acompañará do certificado de servizos prestados ou documentado que corresponda, con indicación da especialidade e categoría profesional, data de inicio e finalización.
- c) **Autónomos:** Poden ser valorados, sempre que quede debidamente acreditado ao criterio da comisión de selección. Será necesario presentar informe de vida laboral coa alta e baixa no imposto de actividades económicas xunto co último recibo ou documento que lle exima da devandita obriga. Deberán especificarse os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial que corresponda e describirse a actividade desenvolvida. No caso de non estar obrigado, presentarse o documento que lle exima de obrigación de cotizar. Ademais, xustificarse o traballo efectivo no período de alta na Seguridade Social coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados.

Os traballos no estranxeiro poderán valorarse, sempre que se acrediten suficientemente segundo o criterio da comisión de selección. Deberá presentarse unha certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

-**Formación:** presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas expedidas polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, organizacións sindicais, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos.

Docente da especialidade de atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208).

A) Titulación académica:

- Doutoramento: 1,25 puntos.
- Master, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Posgraduado, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomara universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,25 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,15 puntos.
- Certificado de profesionalidade correspondente, ou o seu equivalente: 0,15 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante, non avaliándose a titulación presentada para ser admitido/a no proceso selectivo.

As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

B) Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escalas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,75 puntos por cada 6 meses completos traballados (máximo 5 puntos).
- Experiencia profesional en postos similares ou directamente relacionados adquirida fóra do ámbito das escalas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,50 puntos por cada 6 meses completos traballados (máximo de 3,00 puntos).

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

Na experiencia profesional valoraranse os períodos de meses completos de traballo, tanto por conta propia como allea.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **8 puntos**.

C) Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso.
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso.

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, etc... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

D) Coñecementos do idioma galego:

- Celga 5: 1 punto.
- Curso medio de linguaxe administrativa: 0,75 puntos.
- Curso superior de linguaxe administrativa: 1 punto.

A **puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado** é de **1 punto**

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Décima.- Lista de Aprobados

Finalizado o proceso, a comisión de selección procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos nos distintos apartados da avaliación de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora

Criterios de desempate.

Terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.

Se todas as persoas candidatas están en situación de desemprego, os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

1. O maior tempo acreditado como desempregado.
2. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
3. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
4. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
5. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
6. O de maior idade.

Unha vez elaborada a proposta do candidato/a a nomear/contratar, a entidade promotora deberá remitila a correspondente xefatura territorial que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se non se cumprisen ditos requisitos a xefatura comunicarllo a entidade promotora para substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

Décimo primeira- Lista de agarda.

Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha lista de agarda integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do proposto para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta listaxe empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada, previa xustificación de inaprazabilidade e de urxencia.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección axustándose a estas bases.

Décimo segunda- Nomeamento/Contratación.

Rematado o procedemento de selección e previamente ao nomeamento/contratación da persoa aspirante o concello de Ortigueira remitirá á oficina de emprego e á dirección territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como persoal directivo, docente e administrativo de apoio nos modelos que se establezan en cada convocatoria para a súa validación.

A entidade promotora estará obrigada a nomear/contratar á persoa aspirante, que previamente fora validada pola dirección territorial, como aspirante apto que obtivese a maior puntuación para formar parte como persoal directivo, docente e administrativo de apoio.

A persoa nomeada/contratada deberá a incorporarse ao posto de traballo na data na que se lle indique.

Non obstante o anterior, si o candidato proposto para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, contratarase a aquel aspirante que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houbesen superado o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

ANEXO

SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO, DOCENTE E DE APOIO PARA OBRADOIRO DUAIS DE EMPREGO OU PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO OU SIMILAR.

APELIDOS _____

NOME _____

NIF DATA DE NACEMENTO _____

TELÉFONO _____ NACIONALIDADE _____

ENDEREZO ELECTRÓNICO _____

ENDEREZO POSTAL _____

CÓDIGO POSTAL _____

MUNICIPIO _____ PROVINCIA _____

1. SOLICITA ser admitido ao proceso selectivo: BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DOCENTE E DE APOIO PARA OBRADOIRO DUAIS DE EMPREGO OU PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO OU SIMILAR.

Especialidades ás que se presenta (marque cun X só unha das opcións):

☐ Docente da especialidade de atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208), especialidade na rama sanitaria.

2. DOCUMENTACIÓN QUE AXUNTA

☐ Documento Nacional de Identidade ou equivalente.

☐ Título académico esixido _____.

☐ Acreditación da experiencia docente:

☐ Acreditación do Certificado Profesional en Habilitación para a Docencia en Grado C do Sistema de FP

☐ Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica.

☐ Master Universitario habilitante para o exercicio das Profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas.

☐ Perfís profesionais de Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre en calquera das súas especialidades.

☐ Superación de un curso de formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica.

☐ Experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas no derradeiros dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

☐ No seu caso, documentación acreditativa de dispoñer da experiencia profesional mínima esixida segundo o previsto na base sétima (contratos de traballo con indicación do posto desempeñado).

☐ No seu caso, documentación acreditativa dos méritos avaliados segundo o previsto na base décima.

3. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade:

a) Non ter sido separado de servizo mediante expediente disciplinario de calquera Administración Pública ou estar inhabilitado para o exercicio da función pública. No caso de que non teña a nacionalidade española, declaro non estar sometido/a a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no meu Estado de procedencia o acceso á función pública.

b) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza convocada.

c) Reunir os restantes requisitos e condicións esixibles previstos nas bases reguladoras para poder tomar parte neste proceso selectivo.

En _____, a ____ de _____ de 2024

2025/3439